

Estimados pais, nais ou titores:

En nome de todo o claustro de profesores e do persoal non docente do CEP Campolongo queremos agradecerlles a confianza depositada en todos nós para afrontar a tarefa da educación dos seus fillos e fillas, e dende este momento comprometémonos a poñer todo o noso empeño e a nosa profesionalidade para levar a cabo o noso traballo, o mellor posible .

Para unha boa organización é preciso contar coa súa colaboración, tendo en conta unhas normas xerais que faciliten o noso traballo.

1. PUNTUALIDADE

- ✓ Para un maior aproveitamento do horario lectivo, deben habituar aos seus fillos e ás súas fillas a **chegar á clase coa máxima puntualidade (9.00 h)** para evitar perdas de tempo aos profesores e compañeiros e evitar problemas de aglomeracións nas entradas. Deste xeito, prégase puntualidade á hora de recoller ao alumnado **(14.00 h)**. **Unha vez que o alumnado estea dentro do edificio do centro, non se pode permanecer no recinto escolar.**
- ✓ No horario do recreo **(11.30 h a 12.00)** **Non se pode recoller ao alumnado.** Terá que ser antes ou despois.
- ✓ En caso de chegar tarde, deben entrar pola Porta 1 e dirixirse á zona de Conserxería para cubrir un impreso de xustificación. En caso de que a impuntualidade sexa reiterada podería incurrir no Plan de Absentismo Escolar. Cada profesor - titor levará un parte de control de faltas dos seus alumnos, polo que, na medida do posible, deben evitarse as faltas e cando sexan por unha causa de forza maior, deberá ser xustificada por escrito ante o titor.
- ✓ Se un/unha alumno/a tivese que saír do centro en horario lectivo, deberá ser recollido/a polo seu pai, nai ou titor legal, dirixíndose á Conserxería do centro para cubrir a xustificación e o conserxe ou un/unha profesor/a de garda ou persoal de administración, irá a buscalo.

2. TITORÍAS

- ✓ As titorías serán os martes, a partir do 1 de outubro, de 18:30 a 19:30 horas. Seguiremos coa cita previa mediante a axenda escolar.

3. ACCESO A ÁREA ADMINISTRATIVA

Ao longo do curso seguiremos poñéndonos en contacto con vostedes a través da páxina web do centro e AbalarMóbil para informalos sobre diversos temas relativos á marcha do curso, pero lembre que o centro sempre estará aberto a toda a comunidade educativa para escoitar calquera iniciativa ou suxestión. O horario de atención ao pública será posto na páxina web do centro.

Por último pedirllas que devolvan canto antes debidamente cubertos os impresos.

Reciban un cordial saúdo de benvinda,
O Equipo Directivo